



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE COMPARSAS E DISFRACES DE ENTROIDO

A Área de Cultura do Concello do Pereiro de Aguiar, convoca o concurso de comparsas e disfraces para o Entroido de 2024.

Artigo 1. Destinatarios

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas que presenten a solicitude no prazo establecido en ditas bases.

Artigo 2. Lugar e prazo de inscrición

O prazo de inscrición para participar no desfile do sábado de Entroido, será desde o 15 de xaneiro ao 7 de febreiro, ambos incluídos.

As inscricións estarán dispoñibles nun formulario en liña na web, pereiro.gal.

Artigo 3. Condicións de participación.

O desfile terá lugar o sábado día 10 de febreiro, ás 17.30 h. e a saída será pola estrada que vai ao encoro de Cachamuiña.

- A cada inscrito asignaráselle un número. Previamente ao desfile, tanto na web oficial, pereiro.gal, como por vía telefónica comunicaráselle a súa posición de saída no desfile.
- Todos os vehículos que participen nas comparsas, deben chegar a través do formulario de inscrición:

Copia da póliza do seguro obrigatorio de circulación.

Copia da inspección técnica do vehículo.

Documentación do vehículo e remolque (de ser o caso).

- As carrozas deben portar o seu extintor en regra.
- Os participantes no desfile comprométense a responsabilizarse dos actos ou accións que se produzan no mesmo, eximindo ao Concello do Pereiro de Aguiar, de calquera responsabilidade.





Artigo 4. Categorías

Establécense as seguintes categorías:

- Comparsas de máis de 10 participantes.
- Comparsas de 3 a 10 participantes.
- Individuais ou parellas.
- Infantís.

Artigo 5. Premios

Os premios por categoría estarán distribuídos como segue:

Comparsas de máis de 10 participantes:

1º premio. 500 euros.

2º premio: 300 euros.

3º premio: 150 euros

Comparsas de 3 a 10 participantes.

1º premio. 250 euros.

2º premio: 150 euros.

3º premio: 100 euros.

Individual ou parellas.

1º premio. 100 euros.

2º premio: 75 euros.

3º premio: 60 euros.

Infantil

1º premio. Vale 75 euros en xoguetería.

2º premio: Vale 60 euros en xoguetería.

3º premio: Vale 40 euros en xoguetería.





Artigo 6 : Xurado.

O xurado está formado por persoal alleo a organización, e terá en conta a hora de valorar os seguintes criterios:

A posta en escena, á sátira, a animación musical, a creatividade, a elaboración do vestiario.....

Artigo 7º. Pago de premios

O pago dos premios faranse mediante transferencia bancaria, polo que, no prazo de 10 días naturais, deberán achegar unha copia do DNI dun dos representantes, no caso de que sexan comparsas ou grupo, e certificado emitido pola entidade bancaria do número de conta.

No caso de asociacións, copia do CIF e certificado emitido pola entidade bancaria do número de conta.

Máis información:

Biblioteca Pública Municipal.

No teléfono 988.25.98.39

No enderezo electrónico: cultura@concellopereiro.com

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Asdo.- Luís Menor Pérez.

